

**Acta da reunión ordinaria da Comisión Académica do mestrado interuniversitario
en *Lingüística Aplicada*
2 de xullo de 2015**

Asistentes:

–Na UDC:

Nancy Vázquez Veiga
Xoán López Viñas
Esperanza Acín Villa
Félix Córdoba Rodríguez

– Na USC:

Gabriela Prego
Belén López Meirama

–En UVigo:

Concha Báez Montero
Miguel Cuevas Alonso

Xustifican a súa ausencia: Xosé Luis Regueira e Rosa Pérez Rodríguez

Comeza a reunión ás 12:30 horas co seguinte orde do día:

1. Aprobación, se proceder, das actas das sesións anteriores
2. Informe das coordinadoras.
3. Revisión da evolución das distintas propostas presentadas nos planos de mellora.
4. Cambio de universidade coordinadora do mestrado e modificacións na Comisión Académica.
5. Asuntos varios.
6. Suxestións e preguntas.

1. Apróbanse as actas anteriores

2. Informe das coordinadoras

A coordinadora da UDC informa de que xa rematou o prazo de inscrición de alumnos estranxeiros e que xa comezou o período de matrícula. Hai dous estudantes preinscritos.

3. Revisión da evolución das distintas propostas presentadas nos planos de mellora.

Tras manter distintas reunión cos coordinadores de módulos, a coordinado pola UDC di que, en xeral, os profesores están satisfeitos coa docencia nas distintas materias e co traballo feito polos estudantes. Non recibiron ningunha queixa nin suxestión especialmente relevante destes. Os coordinadores de módulo fixeron un seguimento especial daqueles casos nos que no curso 2013-2014 detectáranse problemas por unha carga de traballo excesiva e comprobaron en todos os casos que quedaran resoltos. As reunións permitiron analizar en detalle os programas das materias para verificar a inexistencia de solapamentos ou de lagoas, revisar a bibliografía recomendada na procura dunha certa complementariedade entre as referencias propostas para lectura polos distintos profesores, analizar os cronogramas, co fin de garantir unha distribución homoxénea das actividades programadas ao longo do período lectivo, e contrastar a coherencia dos criterios e procedementos de avaliación.

A continuación sinaláranse os problemas xerais detectados que afectan a todos os módulos e presentáranse aqueles que son específicos dalgúns módulos, e que durante este curso intentaron arranxarse.

PROBLEMAS DE CARÁCTER XERAL

Os problemas son similares aos detectados no curso anterior 2013-2014. Aínda que a súa intensidade parece ser menor, teremos que seguir intentando velar pola súa solución:

- *Problemas técnicos nas conexións por videoconferencia:* (i) perda do sinal desde a USC; (ii) problemas de son entre a USC e a UDC; (iii) chamadas repetidas desde un posto externo que facían perder a conexión.

- *Problemas relacionados coa carga docente das materias optativas:* os estudantes teñen demasiada carga de microtraballos de avaliación que dificultan que fagan outro tipo de traballo (lectura de materiais, busca de contidos, etc.) ao centrarse naquel, e que crean un ambiente de exame continuo que non permite traballar con tranquilidade. Para solventar a excesiva atomización, contemplouse a posibilidade de integrar nun só traballo os traballos correspondentes a varias materias, mais ante as dificultades que esta opción entrañaba (entre outras cuestións, hai materias optativas que se imparten no primeiro cuatrimestre), resolveuse axustar os traballos de cada materia tanto respecto á distribución temporal como á respectiva carga de traballo. Deste xeito garántese que o alumno poida dedicar un esforzo axeitado ao conxunto do módulo.

PROBLEMAS ESPECÍFICOS DE MÓDULOS

MÓDULO ADQUISICIÓN DE LINGUAS

- *Desaxustes entre os contidos das materias e as explicacións do profesor:* nalgunha materia o explicado polo profesor pouco ten que ver cos contidos fixados na guía docente; o profesor expón a súa investigación e, ao final, o traballo solicitado non ten vinculación co explicado.

- *Avaliación:* aínda que na guía docente indícanse diferentes procedementos de avaliación, segundo os alumnos a realidade é que nalgunhas materias ao final se avalía polo traballo. A avaliación debería seguir, de non existir outro procedemento negociado co alumnado, o previsto na guía docente e en función do visto en clase

MÓDULO ENSINO DE SEGUNDAS LINGUAS

- *Proposta para mitigar os problemas derivados do emprego da videoconferencia:* desprazamento aos outros dous centros polo menos para unha sesión, tal e como xa fixo algún docentes este ano.
- *Avaliación das materias:* diferencias importantes nas cualificacións das distintas materias.

MÓDULO LINGUA DE SIGNOS

- *Problemas coa dispoñibilidade de intérpretes:* non se conseguiu que a interpretación fose doada e fluída. A Coruña resolveu o problema cunha intérprete para o xordo-cego pero na Univ. de Vigo non se dispuxo deste servizo. A alumna xorda da UVigo desistiu este ano pero supoñemos que se matriculará no 2015-16.
- *Solicitud dun curso de lingua de signos como complemento de formación:* algúns alumnos de Santiago e da Coruña solicitaron un curso de lingua de signos como complemento de formación, que se podería realizar no primeiro cuadrimestre

MÓDULO LINGUAS E TECNOLOXÍAS

- *Retraso na finalización dalgunhas aulas:* varios docentes inciden en que non todo o profesorado respectaba os horarios de finalización das súas aulas, co que restaba tempo á seguinte.

MÓDULO MEDIACIÓN E PLANIFICACIÓN

- *Problemas de interacción nas aulas por videoconferencia:* algúns profesores consideran que ás veces o comportamento do profesorado non é o axeitado e non sempre se favorece a participación do alumnado dos outros campus. Tamén o alumnado parece estar máis despistado nas aulas que se imparten por videoconferencia. Mesmo en certos momentos parece estar ocupado noutras tarefas que pouco teñen que ver co desenvolvemento das aulas. Propónse ofrecer algún curso para mellorar a interacción das aulas por videoconferencia.

MÓDULO DE LINGÜÍSTICA CONTRASTIVA E VARIACIÓN

- *Acordo entre o profesorado do módulo de equilibrar a carga de traballo para os casos nos que se combinan exame e traballo ou traballos:* a carga deste(s) non deberá exceder a cuarta parte do que se estipula para o Traballo de Fin de Máster, é dicir, deberá ser un e 10 e un máximo de 15 páxinas, cun total de entre 14000 e 18000 caracteres (espazos en branco incluídos).

Ademais da revisión dos problemas xurdidos en cada módulo e/ou especialidade, outro dos puntos que había que mellorar era aumentar a participación dos alumnos na realización das enquisas. Expóñense as diferentes estratexias utilizadas ata agora, que non se revelaron moi eficaces. Proponse pasalas aos alumnos o día da defensa dos TFM.

Ábrese unha quenda de intervencións no que diferentes membros da comisión expoñen problemas e fan propostas para mellorar o funcionamento do máster. Así, o profesor Félix Córdoba propón que ao principio do curso teñamos una sesión para axustar os equipos, optimizalos e mellorar o seu funcionamento. Tamén suxire que os profesores do máster teñamos una sesión para compartir estratexias docentes.

Pola súa parte a profesora Concha Báez propón que os profesores nos despracemos unha sesión ás outras universidades para ter unha clase presencial e coñecer persoalmente aos alumnos. A coordinadora da UDC pon de manifesto que os custes de desprazamento non estarían cubertos.

4. Cambio de universidade coordinadora do mestrado e modificacións na Comisión Académica.

A partir de setembro de 2015 será a Universidade de Santiago a universidade coordinadora. A profesora Gabriela Prego será a coordinadora xeral. A Comisión Académica da USC nomeará o secretario ou secretaria do máster. Na USC haberá catro membros na Comisión Académica, e na UDC tres; o profesor Xoán López Viñas abandona a Comisión. Agradéceselle a labor feita durante estes dous anos.

5. Asuntos varios.

A profesora Gabriela Prego anuncia a posibilidade de novos convenios para as prácticas externas.

6. Suxestións e preguntas.

A profesora Gabriela Prego suxire actualizar a táboa de profesores das diferentes materias do máster.

Levántase a sesión ás 14:00 h.

En A Coruña, a 2 de xullo de 2015.

Do que dou fe como secretaria



Asdo. Esperanza Acín Villa

Vº.Bº. da coordinadora



Asdo. Nancy Vázquez Veiga